

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XULLO DE 2020**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2020.....	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual xullo 2020	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en xullo de 2020	20
6.4.	Evolución da precipitación en xullo de 2020.....	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	28
9	RAIOS.....	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 07/08/2020



Mes extremadamente cálido e sen apenas precipitacións.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xullo quedou caracterizado pola situación anticiclónica e a presenza de aire cálido procedente do sur da península Ibérica e do norte de África. Isto configura un mes moi cálido, con anomalías máis fortes canto máis ao sur, xa que tamén tivemos moitos días con vento do nordés que fixo que no extremo norte as temperaturas estivesen máis preto da normalidade. Ademais, as altas presións estiveron ao norte de Galicia, de xeito que apenas deixaron que chegasen influencias atlánticas, provocando que tamén fose un mes moi seco.

Precisamente o mes comezou cunha excepción xa que o día 1 tivemos o paso dunha fronte pouco activa ao principio do día que deixou nubes e algunha chuva feble pola mañá, aínda que máis sol pola tarde.

O día 2 foi aínda unha xornada con certa inestabilidade, nubes pola mañá e temperaturas baixas en xeral, pero xa o 3 foi de transición e o 4 comezamos o primeiro período anticiclónico, con sol e calor. Ese día 4 xa superamos os 30°C en moitos lugares do sur e na xornada do 5 tivemos o primeiro de moitos avisos por temperaturas extremas ao longo do mes.

Entre os días 6 e 10 vivimos unha situación moi semellante; anticiclón ao noroeste, baixa térmica no centro da península Ibérica e ceo aberto, con ventos do nordés especialmente fortes pola tarde. Ese vento deixou un importante contraste térmico entre o norte e o sur de Galicia, con avisos por temperaturas extremas no sur. Tamén tivemos algúns fenómenos tormentosos.

As xornadas do 11 e o 12 quedaron baixo a influencia anticiclónica, pero xa sen tanto vento como nos días anteriores. As altas presións continuaron tamén na seguinte semana, entre o 13 e o 19, aínda que neste último día a entrada de néboas no litoral atlántico deixaba un importante descenso das temperaturas nas áreas costeiras.

Os días máis calorosos neste período foron os días 16, 17 e 18, cando as temperaturas superaban de xeito bastante xeneralizado os 35°C no sur.

O día 19 supuxo un cambio no litoral, pola entrada de néboas mestas que ocasionaron un descenso significativo das temperaturas, aínda que no interior continuaron a ser elevadas.



Este cambio foi moi transitorio xa que o día 20 iniciábase aínda con nubes, que foron retrocedendo con relativa rapidez para deixar os ceos despexados e comezar unha nova semana de novo con sol, calor no sur e ventos do nordés, que non sopraron con tanta intensidade como na semana anterior.

Esta situación foi cedendo nas xornadas do 24, 25 e 26, cando as altas presións se moveron lixeiramente cara ao sur, deixando que a masa de aire máis cálido se movese cara ao sur da península Ibérica. De tódolos xeitos continuaron sendo xornadas caracterizadas polos ceos abertos, con nubes no norte durante as mañás, e temperaturas altas, propias desta época do ano.

Os 3 primeiros días da derradeira semana do mes quedaron caracterizados por unha situación algo máis intermedia, cunha fronte rozando o norte o día 28.

As xornadas do 29 e 30 vivimos novamente a presenza dunha masa de aire moi cálida, con valores que no sur superaron os 35°C e localmente mesmo os 40°C, aínda que na xornada do 30 tivemos a entrada de néboas polo oeste e algunhas treboadas no leste.

A derradeira xornada do mes quedou marcada polo achegamento dunha fronte, que fixo que as nubes fosen en aumento ao longo da xornada e as temperaturas non fosen tan elevadas como nas xornadas anteriores.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Na Figura 2 pódese observar unha forte anomalía positiva a altura xeopotencial de 500 mb situada no Atlántico, ao noroeste da Comunidade, causante do predominio das situacións anticiclónicas durante este mes de xullo. Na Figura 1 tamén se ve reflexada esta anomalía positiva en superficie, aínda que de xeito algo máis débil. O predominio das altas presións ao norte explican a ausencia de chuvias, así como a entrada de aire cálido dende África que afectou de forma significativa a Galicia este mes. En ambas figuras, apréciase tamén a forte anomalía negativa situada sobre Europa do Norte este xullo.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Xullo-2020.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Xullo-2020.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou xullo a 1 mm.



A CORUÑA

	XULLO 2020 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.2/19.5	18.9	21.0 (2006)	17.2 (1977)
Tª mínima media	16.2/16.3	15.9	17.6 (2006)	13.8 (1954)
Tª mínima absoluta	12.7/13.2 (día 3)	10.2 (08/07/1978)		
Tª mínima máis alta	18.0/18.2 (día 12)	21.0 (14/07/1969)		
Tª máxima media	22.2/22.7	21.9	24.5 (2006)	19.8 (2002)
Tª máxima absoluta	26.4/30.3 (días 31/18)	34.5 (17/07/2006)		
Tª máxima máis baixa	18.6/19.2 (día 20)	14.0 (03/07/1958)		
Precipitación acumulada	2	22-34	100 (1971)	0 (2016)
Días de chuvia (≥1mm)	1	5	22 (1936)	0 (2016)

Comentario: Mes de xullo cálido en canto ás temperaturas, tanto no correspondente ás medias como ás máximas e ás mínimas.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes extremadamente seco con tan só 1 día de chuvia en todo xullo.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2020. Temperatura: 1948-2020.

SANTIAGO

	XULLO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	21.2	19.6	21.9 (1989)	17.6 (2009)
Tª mínima media	14.8	14.4	16.0 (2013)	13.1 (1993)
Tª mínima absoluta	9.2 (día 3)	7.0 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	17.1 (día 20)	21.9 (22/07/1990)		
Tª máxima media	27.5	24.8	28.5 (1990)	22.1 (2009)
Tª máxima absoluta	35.5 (día 18)	40.3 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	18.8 (día 2)	15.8 (02/07/1998)		
Precipitación acumulada	0.5	25-45	154 (2009)	1 (2016)
Días de chuvia (≥1mm)	0	6	12 (1995)	1 (2016)

Comentario: Mes moi cálido en canto ás temperaturas medias e máximas. As mínimas resultaron tamén cálidas, pero en menor medida.

En canto á precipitación considérase un mes extremadamente seco, sen ningún día de chuvia e co rexistro de precipitación acumulada máis baixo de toda a serie histórica.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2020. Temperatura: 1982-2020.



LUGO

	XULLO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.8	18.8	21.6 (2013)	16.9 (1981)
Tª mínima media	14.0	12.9	15.2 (2013)	11.0 (1993)
Tª mínima absoluta	6.4 (día 3)	4.4 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	16.6 (día 19)	20.0 (22/07/1990)		
Tª máxima media	27.6	24.7	29.1 (1990)	21.9 (1982)
Tª máxima absoluta	36.9 (día 30)	41.2 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	19.8 (día 2)	15.0 (03/07/1985)		
Precipitación acumulada	0	21-29	77 (1983)	0 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	0	4	8 (1983)	0 (1986)

Comentario: Mes moi cálido para as temperaturas. As máximas medias e as mínimas medias estiveron por enriba do normal, aínda que non se chegaron a superar os valores absolutos.

En canto á precipitación o mes resultou extremadamente seco, sen ningún día de chuvia no mes. Esta situación non se repetía dende xullo de 1986.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1981-2020. Temperatura: 1981-2020.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XULLO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	23.1	20.3	22.9 (2006)	17.8 (1980)
Tª mínima media	16.4	14.7	16.9 (2006)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	11.2 (día 3)	3.1 (28/07/1969)		
Tª mínima máis alta	18.8 (día 12)	23.5 (04/07/1961)		
Tª máxima media	29.7	25.9	29.4 (2016)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	36.6 (día 17)	39.0 (07/07/2013)		
Tª máxima máis baixa	22.5 (día 2)	16.2 (20/07/1980)		
Precipitación acumulada	0	22-37	166 (1971)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	0	5	11 (1995)	0 (1993)

Comentario: Mes moi cálido nas mínimas. As máximas e a temperatura media do mes resultaron extremadamente cálidas, superando os valores máximos da serie.

A precipitación tamén acadou a efeméride da serie, sen ningún rexistro en todo o mes de xullo, resultando extremadamente seco.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2020. Temperatura: 1958-2020.



OURENSE

	XULLO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	25.4	22.5	25.0 (2013)	19.0 (1977)
Tª mínima media	16.1	14.8	17.7 (1972)	13.0 (1974)
Tª mínima absoluta	8.8 (día 3)	6.4 (08/07/1996)		
Tª mínima máis alta	19.4 (día 20)	22.6 (22/07/1990)		
Tª máxima media	34.7	30.2	33.8 (1989)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	40.1 (día 18)	42.6 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	23.6 (día 2)	18.0 (13/07/1982)		
Precipitación acumulada	0	9-19	69 (2009)	0 (2016)
Días de chuvia (≥1mm)	0	3	15 (1983)	0 (2016)

Comentario: Mes cálido para as mínimas e extremadamente cálido para as máximas e a temperatura media mensual. Estas últimas superaron os valores máis altos rexistrados de toda a serie ate o de agora.

A precipitación acumulada foi nula, sen ningún día de chuvia en todo o mes. Este valor tan baixo non se acadaba dende 2016, podendo considerarse o mes extremadamente cálido.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2020. Temperatura: 1972-2020.*

5 TEMPERATURA

Os valores de temperatura estiveron en xeral por riba do agardado neste mes, particularmente na metade sur, onde a presenza frecuente de masas de aire cálido deixou moitas xornadas con avisos por temperaturas extremas e valores por riba dos 35°C.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xullo de 2020.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xullo para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 27.2 °C. Os valores máis altos rexistráronse na metade sur da Comunidade, principalmente nas zonas de O Ribeiro, Verín e Valdeorras, onde se superaron os 34 °C de media. Por outra banda, os valores máis baixos déronse na Mariña



Lucense e na Costa da Morte, nestas localidades as temperaturas máximas apenas chegaron aos 20 °C de media.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xullo, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 13.7 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na comarca da Limia, próximos aos 7 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse nas Rías Baixas, onde as medias superaron os 16 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xullo de 2020.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía de temperaturas no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de +2.13 °C, resultando un mes extremadamente cálido. Tal e como se aprecia na Figura 5 practicamente toda a Comunidade tivo unha anomalía de temperatura positiva, especialmente forte na metade sur, onde en moitos puntos de Ourense se superaron os +4 °C. Os valores máis baixos de anomalía de temperatura rexistráronse na zona costeira de Bergantiños, con valores negativos en torno aos -0.5 °C




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xullo de 2020 respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. Pódese observar que as anomalías máis altas de temperatura déronse principalmente no sur da Comunidade (Táboa 1), principalmente no concello de Ourense, con valores por enriba dos 4°C. As anomalías máis baixas (Táboa 2) déronse na Costa da Morte, con valores negativos pero non demasiado significativos.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Vilardevós	Ourense	4.7
Lama (A)	Pontevedra	4.4
Melón	Ourense	4.3
Castrelo do Val	Ourense	4.3
Verín	Ourense	4.2
Fornelos de Montes	Pontevedra	4.2
Beariz	Ourense	4.1
Riós	Ourense	4.1
Leiro	Ourense	4.0
Carballada de Avia	Ourense	4.0

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de xullo de 2020.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Malpica de Bergantiños	A Coruña	-0.5
Ponteceso	A Coruña	-0.4
Aranga	A Coruña	-0.3
Coristanco	A Coruña	-0.3
Cabana de Bergantiños	A Coruña	-0.3
Carballo	A Coruña	-0.1
Mondoñedo	Lugo	-0.1
Lourenzá	Lugo	-0.1
Illa de Arousa (A)	Pontevedra	0.0
Camariñas	A Coruña	0.0

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de xullo de 2020.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de xullo de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas máis calorosas a altitudes baixas foron a do 17 na provincia de Pontevedra e a do 18 na de Ourense, con temperaturas que excederon os 40 °C. En altitudes altas destaca o día 30, cando se superaron os 30 °C en moitas estacións.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2020				
por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
17/07/2020	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	41.0
18/07/2020	Remuíño	A ARNOIA	Ourense	40.8
18/07/2020	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	40.7
30/07/2020	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	40.3
18/07/2020	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	40.1
18/07/2020	Ourense	OURENSE	Ourense	40.1
17/07/2020	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	39.7
17/07/2020	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	39.5
30/07/2020	Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	39.4

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2020 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2020				
por enriba dos 1000 m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
30/07/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	33.4
30/07/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	33.2
30/07/2020	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	32.5
30/07/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	32.2
30/07/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	32.2
18/07/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	32.0
29/07/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	31.8
30/07/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	30.7
29/07/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	30.3
30/07/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	29.7

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2020 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2020 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As temperaturas mínimas máis baixas déronse en xeral o día 3, para ambas altitudes, con valores por debaixo dos 5 °C en estación elevadas e que incluso baixaban de 2 °C en estacións situadas a menor altitude.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2020				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
02/07/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	2.8
03/07/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	3.0
03/07/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	3.1
03/07/2020	Corzos	A VEIGA	Ourense	3.5
03/07/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	4.2
03/07/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	4.3
03/07/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	4.5
02/07/2020	Xares	A VEIGA	Ourense	5.0
03/07/2020	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	5.0
03/07/2020	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	5.3

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2020 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2020				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
03/07/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	0.2
03/07/2020	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	1.5
03/07/2020	Lanzós	VILALBA	Lugo	1.7
03/07/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	2.5
03/07/2020	Cospeito	COSPEITO	Lugo	2.6
03/07/2020	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	2.6
03/07/2020	Castro De Rei	CASTRO DE REI	Lugo	3.5
03/07/2020	Ordes	ORDES	A Coruña	4.2
03/07/2020	Rozas	CASTRO DE REI	Lugo	4.2
03/07/2020	Castro R. de Lea	CASTRO DE REI	Lugo	4.2

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2020 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2020.

Na figura 6 pódese ver a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020 para esta serie foi 21.7 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2020 para xullo.

A anomalía media da temperatura para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +2.03 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como extremadamente cálido. Este valor de anomalía convértese no segundo máis alto de toda a serie histórica, só superado polo do ano 2013. A esta caracterización contribuíron tanto as temperaturas máximas, que tamén resultaron extremadamente cálidas (anomalía de +3.03 °C) como as mínimas, tamén moi cálidas (anomalía de +1.03 °C).





Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xullo, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias foron moi escasas, mesmo con lugares nos que non chegou a chover en todo o mes. A posición das altas presións ao noroeste de Fisterra, illaba a Galicia das influencias Atlánticas, polo que as escasas fronteas que eran quen de chegar ao litoral facían con moi pouca actividade. Ademais no interior as tormentas tampouco foron frecuentes.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada é de 5.3 L/m². Os valores máis altos acadáronse na zona da Mariña, onde algunha fronte débil conseguiu rozar o Norte. Tamén no leste da Comunidade, onde as treboadas conseguiron deixar acumulados próximos aos 50 L/m². No resto do territorio galego a chuvia foi nula este mes de xullo.

6.1. Precipitación acumulada mensual xullo 2020



Chuvia/lluvia - 07/2020

www.meteogalicia.es

Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xullo de 2020.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xullo con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 84 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Pódese apreciar claramente o efecto dos fenómenos tormentosos no leste, que deixaron na comarca de Valdeorras un 250% por enriba do valor climático. No resto do territorio, sen embargo, a porcentaxe foi moi inferior ao agardado.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xullo de 2020.

6.3. Días de chuva en xullo de 2020

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 1.4. Os valores máis altos de número de días de chuva déronse no extremo norte de Galicia, na zona da Mariña, onde os valores superaron os 5 días. No resto da Comunidade o número de días de chuva foi practicamente nulo.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de xullo de 2020.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xullo de 2020. Tal e como se ven indicando neste informe, a penas se superaron os 50 L/m². Estas precipitacións déronse principalmente días de treboadas en rexións do leste.

Precipitacións acumuladas máximas en xullo de 2020			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	80
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	56
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	55
O Xipro	A FONSAGRADA	Lugo	40
Larouco	LAROUCO	Ourense	39
Fragavella	ABADÍN	Lugo	33
Burela	BURELA	Lugo	31
Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	26
Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	25
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	25

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xullo de 2020.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
O Cebreiro	Lugo	PEDRAFITA DO CEBREIRO	44	20/07/2020 21:00
A Portela	Ourense	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	38	07/07/2020 18:10
O Xipro	Lugo	FONSAGRADA (A)	25	29/07/2020 17:40
Larouco	Ourense	LAROUCO	24	07/07/2020 23:40
Serra do Eixe	Ourense	VEIGA (A)	20	07/07/2020 18:00
As Petarelas	Ourense	RUBIÁ	20	07/07/2020 18:00
Penedo do Galo	Lugo	VIVEIRO	19	05/07/2020 19:40
Xares	Ourense	VEIGA (A)	18	29/07/2020 16:20
O Invernadeiro	Ourense	VILARIÑO DE CONSO	17	07/07/2020 17:30
Pedro Murias	Lugo	RIBADEO	14	14/07/2020 02:50

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xullo de 2020.

6.4. Evolución da precipitación en xullo de 2020

Na figura 11 pódese ver a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020, para esta serie, foi 2 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2020 para xullo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 93 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse extremadamente seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. Xa o ano 2016 fora moi seco tamén pero este ano superouno, resultando o xullo máis seco dende 1986.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xullo, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Só dúas localidade acadaron os 100 km/h entre os días 11 e 12 do mes. Pese a isto varias estacións rexistraron refachos máximos de vento superiores aos 70 km/h durante distintas xornadas deste mes de xullo.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xullo				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
12/07/2020 00:50	Xares	VEIGA (A)	Ourense	118.9
11/07/2020 12:40	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	117.4

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xullo de 2020.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	89.3	NE	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Lira (10136) # 01/07/2020 a 01/08/2020/10001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (10136) # 01/07/2020 a 01/08/2020</p>
		Día 6				
Pta. Candieira	Cedeira	117.4	NE	9	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Punta Candieira (10082) # 01/07/2020 a 01/08/2020/10001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (10082) # 01/07/2020 a 01/08/2020</p>
		Día 11				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	76.0	E	5		
		Día 6				
Marco da Curra	Monfero	52.9	NE	6		
		Día 7				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de xullo de 2020 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	76.7	E	6		
		Día 17				
Campus Lugo	Lugo	42.5	N	29		
		Día 13				



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ancares	Cervantes	80.3	NE	16		
		Día 30				

Táboa 11: Resumo vento no mes de xullo de 2020 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	118.8	NO	11		
		Día 12				
Rodicio	Maceda	58.0	NE	11		
		Día 11				
Gandarela	Celanova	40.3	NO	54		
		Día 21				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de xullo de 2020 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	95.8	E	15	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Fornelos de Montes (10086) # 01/07/2020 a 01/08/2020 0001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Fornelos de Montes (10086) # 01/07/2020 a 01/08/2020</p>
		Día 15				
Cíes	Vigo	63.0	NE	18	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Illas Cíes (10123) # 01/07/2020 a 01/08/2020 0001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Illas Cíes (10123) # 01/07/2020 a 01/08/2020</p>
		Día 14				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xullo de 2020 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xullo de 2020.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou 1333 raios neste mes de xullo. Estes raios foron detectados principalmente nas xornadas do 8 e do 30, días nos que caeron máis de 550 raios na Comunidade (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en xullo de 2020.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, a maioría dos raios detectados déronse na provincia de Lugo, mentres que na provincia de A Coruña non caeu ningún neste mes de xullo (Figura 16).




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en xullo de 2020.



Na figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en xullo en Galicia dende o ano 2010 ao 2020. Nesta gráfica pódese observar que este mes de xullo non destaca en canto a aparato eléctrico, sendo o terceiro ano que presentou menos número de raios dende o 2010.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xullo dende 2010 a 2020.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
A Coruña																												
A Gándara	16.5	20.98	31.7	18	13.3	10.6	3	9	3.4	1	-115	84	97	65	58	271	2307	22	65	15	971	11	0					
Aldea Nova	17.8	22.34	28.5	30	14.6	9.6	3	9	2.4	1	-135	86	98	67	59	274	2432	9	59	7	987	8	0					
Arzúa	19.7	27.23	35.1	18	13.0	5.7	3	1	1.4	1	-181	76	99	46	77	355	2721	7	43	14	975	1	0					
Camariñas	17.7	19.86	26.2	18	15.7	10.4	3	0	0.3	1	-128	86	95	75	68	316	2547	25	80	8	1018	1	0					
Cariño	18.4	20.46	26.2	30	16.5	12.1	3	8	2.4	5	-103	87	95	76	45	204	1978	17	58	7	1019	7	0					
Cespón	22.5	29.77	37.3	17	16.5	9.4	3	0	0.0	1	-210	65	86	43	82	379	2759	9	50	15	1012	0	0					
CIS Ferrol	19.7	24.22	32.4	18	16.4	10.2	3	5	4.0	1	-158	76	89	58	65	303	2413	14	57	11	1015	3	0					
Corrubedo	21.6	28.2	35.3	17	16.4	11.6	3	0	0.0	1	-205	64	84	44	74	340	2713	9	54	16	1013	0	0					
Coruña-Bens	20.2	23.77	31.7	18	17.5	14.3	3	5	2.4	2	**	84	92	73	**	**	2327	15	61	15	1005	3	0					
Coruña-Dique	18.3	20.76	25.0	12	16.3	11.5	3	4	4.0	2	**	81	90	68	**	**	**	19	65	6	1017	1	0					
Coruña-Torre de Hércul	18.8	22.22	26.4	31	16.2	12.7	3	2	1.0	1	**	77	89	63	**	**	**	**	**	**	**	**	3	0				
**Costa	21.2	28.94	36.0	18	14.9	9.3	3	0	0.5	1	**	78	97	54	**	**	**	4	30	20	997	1	0					
**Coto Muiño	17.9	24.52	33.6	18	12.4	6.1	3	2	1.4	1	**	84	99	61	**	**	**	4	37	20	**	4	0					
Fontecada	17.8	23.71	33.3	18	12.8	7.8	3	1	1.5	1	-149	77	94	54	65	301	2394	13	56	15	976	1	0					
**Guísamo	19.5	24.99	32.5	18	15.2	10.2	3	2	1.5	2	**	73	89	54	**	**	**	4	30	28	998	2	0					
**Lesende	21.0	27.74	34.6	17	15.4	10.2	3	0	0.6	1	-196	66	84	47	75	348	2756	5	42	6	997	1	0					
Lira	20.8	26.12	34.9	17	16.3	12.0	3	0	0.0	1	-204	69	86	52	81	374	2845	19	89	6	**	0	0					
Mabegondo	19.6	26.42	33.7	18	12.6	5.9	3	7	1.7	9	-160	80	99	56	72	333	2625	8	39	10	1006	6	0					
Malpica	17.0	20.43	24.1	30	14.5	12.7	4	6	1.6	1	-105	92	100	74	65	304	2409	24	75	6	1000	7	0					
Marco da Curra	16.8	22.72	32.0	30	12.1	8.2	3	4	2.6	2	-154	81	98	56	72	332	2692	14	52	7	945	4	0					
Melide	19.7	28.23	35.6	18	12.6	5.2	3	1	1.3	1	-193	72	94	43	78	360	2815	7	51	14	963	1	0					
Muralla	17.9	23.86	31.3	18	13.0	8.8	3	1	1.8	1	-165	78	98	52	81	376	2882	28	85	15	942	1	0					
**O Val	19.4	23.94	32.4	18	15.4	8.9	3	5	2.9	1	**	79	92	63	**	**	**	4	42	17	1011	5	0					
Olas	18.2	24.63	33.5	18	13.2	8.6	3	4	1.7	26	-158	81	99	56	70	325	2626	11	43	14	**	5	0					
**Ordes	19.3	26.02	35.3	18	13.4	4.2	3	1	0.7	2	**	73	90	50	**	**	**	5	32	13	986	2	0					
**Paramos	18.6	25.08	35.0	18	13.4	7.6	3	2	2.0	1	**	87	100	65	**	**	**	7	36	14	976	1	0					
**Pazo de Galegos	21.2	28.63	36.3	18	15.2	9.0	3	0	0.0	1	-186	76	96	52	73	336	2687	4	35	6	991	0	0					
Punta Candieira	17.0	19.34	26.0	18	15.1	12.9	3	12	3.1	1	-100	87	96	73	55	255	2202	29	117	11	989	8	0					
Punta Langosteira	17.1	18.76	21.8	27	15.6	12.6	3	0	0.5	2	**	89	96	80	67	310	2400	18	61	8	1017	1	0					
Río do Sol	16.3	21.43	31.1	18	12.4	8.9	3	11	2.4	2	-115	87	98	65	61	282	2417	20	58	15	956	9	0					
**Rus	18.7	24.47	33.1	30	12.9	8.7	3	5	2.1	2	**	86	100	65	**	**	**	3	31	20	1003	6	0					
Sálvora-Pazo	19.6	23.98	30.9	17	16.4	13.9	3	0	0.0	1	-177	76	89	59	73	335	2726	24	72	16	**	0	0					
Santiago-EOAS	20.4	27.54	35.5	18	14.8	9.2	3	0	0.5	1	-188	70	90	45	65	299	2621	**	**	5	988	1	0					
Santiago-San Lázaro	19.8	26.27	34.5	18	14.6	8.6	3	0	0.0	1	-187	72	90	49	78	362	2755	13	52	6	983	0	**					
Sergude	21.1	28.77	36.3	18	15.2	8.1	3	0	0.8	1	**	70	91	44	64	297	2334	**	**	**	**	1	0					
Serra da Faladoira	15.4	18.9	28.5	30	12.7	9.4	3	20	4.8	2	-84	90	99	72	49	226	2097	22	77	11	953	13	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	17.4	22.2	36.5	30	14.3	9.3	3	6	1.2	10	**	88	100	67	39	181	1680	15	66	30	**	**	**	**	8	0		
Abradelo	19.8	28.47	36.0	30	13.0	7.8	3	1	1.6	8	**	69	93	39	78	358	2784	**	**	**	**	**	**	**	1	0		
**Alto do Faro	17.9	24.86	31.7	30	12.0	7.0	3	0	0.0	1	**	74	96	46	**	**	**	7	46	14	923	**	**	**	0	0		
**Alto do Poio	18.2	23.45	29.7	30	12.6	3.1	3	9	4.8	8	**	65	90	42	**	**	**	9	44	12	**	**	**	**	4	0		
Ancares	18.5	23.95	30.7	30	13.0	4.4	3	8	2.8	30	-191	64	89	42	80	370	2982	11	80	30	868	**	**	**	5	0		
**Borreiros	18.9	22.99	29.7	30	15.0	9.1	4	13	4.0	6	-102	85	98	67	40	187	1809	5	33	11	1012	**	**	**	9	0		
Bóveda	21.6	31.45	38.4	30	13.2	6.4	3	0	0.7	8	-207	65	93	33	74	340	2793	7	42	14	968	**	**	**	1	0		
Burela	16.2	18.87	28.3	30	14.3	11.6	2	31	12.3	28	-63	91	98	74	34	158	1663	13	51	7	971	**	**	**	12	0		
Campus Lugo	19.8	27.61	36.9	30	14.0	6.4	3	0	0.4	8	-174	74	98	44	62	285	2538	8	42	13	972	**	**	**	1	0		
Castro R. de Lea	18.5	25	35.8	30	13.4	4.2	3	1	1.0	28	**	79	97	52	58	271	2399	**	**	**	970	**	**	**	1	0		
Conchada	21.5	31.09	36.6	30	13.8	7.2	3	9	6.7	8	**	71	97	40	73	338	2812	**	**	**	**	**	**	**	3	0		
Corno do Boi	17.0	23.96	33.5	18	12.1	7.1	3	2	1.0	1	-146	80	98	52	65	299	2367	12	47	11	**	**	**	**	3	0		
Cospeito	17.9	24.1	35.0	30	12.2	2.5	3	1	1.0	28	-143	83	99	56	59	271	2369	11	49	10	**	**	**	**	1	0		
Courel	20.9	30.65	36.9	30	13.1	5.5	3	3	3.2	8	-208	65	94	33	77	355	2826	7	58	8	930	**	**	**	1	0		
Fontaneira	17.4	23.73	31.9	30	12.1	6.7	3	2	2.8	8	-161	76	96	51	76	353	2616	16	63	14	908	**	**	**	1	0		
Foz	18.2	21.48	28.8	27	15.1	7.9	3	16	8.4	28	-100	84	95	68	41	192	1869	10	40	11	1012	**	**	**	9	0		
Fragavella	15.4	19.18	32.1	30	12.0	4.9	3	33	7.4	6	-70	90	100	72	42	196	1870	12	51	6	951	**	**	**	15	0		
Guitiriz-Mirador	16.9	23.32	32.2	30	12.2	7.7	3	5	2.4	1	-144	80	98	53	61	284	2427	11	55	6	941	**	**	**	5	0		
**Labrada	15.5	19.39	32.0	30	12.4	7.6	3	14	2.4	6	-97	88	99	68	46	215	1976	10	39	13	**	**	**	**	13	0		
**Lanzós	17.2	23.75	35.2	30	10.8	1.7	3	3	2.0	2	**	80	96	57	**	**	**	4	44	8	964	**	**	**	2	0		
**Lourenzá	19.0	23.72	36.1	30	14.9	6.5	3	9	2.2	10	**	82	96	63	**	**	**	2	33	11	**	**	**	**	6	0		
Marroxo	20.4	29.54	35.8	30	13.9	7.9	3	3	3.0	8	-183	69	94	35	70	322	2630	7	43	14	945	**	**	**	1	0		
**Míllara	21.9	30.82	38.0	30	15.2	9.6	3	0	0.4	8	**	67	91	37	**	**	**	7	48	8	**	**	**	**	1	0		
Monforte	22.4	31.9	37.7	30	14.0	6.2	3	1	1.0	8	-197	68	98	33	73	336	2721	4	36	14	**	**	**	**	1	0		
**Morelle	20.6	30.18	38.0	30	12.4	5.4	3	1	1.6	8	-177	75	100	41	64	297	2545	4	31	30	970	**	**	**	1	0		
O Cebreiro	18.4	26.71	32.2	30	11.6	4.2	3	79	43.8	21	-142	72	96	48	83	381	3013	12	50	21	874	**	**	**	5	0		
O Xipro	18.0	25.37	35.2	30	12.0	6.2	3	40	25.4	30	-125	77	99	47	69	319	2675	11	43	10	929	**	**	**	3	0		
**Olveda	18.8	26.78	36.1	30	12.2	6.5	3	0	0.0	1	-178	74	97	44	73	335	2668	5	35	14	**	**	**	**	0	0		
Pedro Murias	18.6	21.45	27.0	27	15.9	10.6	3	26	10.0	14	-83	90	99	76	43	200	1860	9	51	11	1014	**	**	**	10	0		
Penedo do Galo	15.2	18.15	28.8	30	13.1	10.6	2	55	17.9	6	-35	93	100	78	40	184	1795	17	76	17	**	**	**	**	15	0		
Pol	17.4	24.33	34.2	30	12.7	7.1	3	2	2.0	8	**	81	100	50	66	304	2475	**	**	**	944	**	**	**	1	0		
Portomarín	20.2	29.05	37.7	30	13.3	5.7	3	0	0.5	8	**	72	97	42	70	324	2719	**	**	**	967	**	**	**	1	0		
Riotorto	18.5	23.37	36.7	30	14.7	7.4	3	3	1.2	15	-114	90	100	67	42	194	1947	8	41	13	**	**	**	**	5	0		
Sambreixo	17.8	24.92	34.2	30	11.7	2.6	3	1	1.4	28	**	80	98	52	63	293	2512	**	**	**	**	**	**	**	1	0		
**San Clodio	23.8	33.51	39.4	30	14.7	7.2	3	10	10.0	8	**	63	96	32	**	**	**	3	30	31	987	**	**	**	2	0		
**San Fiz	21.2	29.39	36.4	30	14.9	8.7	3	0	0.0	1	-199	69	90	41	68	313	2766	4	32	14	972	**	**	**	0	0		
Santa Cruz	18.9	23.18	33.6	30	14.3	5.6	3	13	5.6	6	-102	85	99	65	36	166	1796	5	38	27	**	**	**	**	9	0		
Serra Vacaloura	18.0	25.66	33.7	18	12.6	7.4	3	0	0.6	26	-169	79	99	47	74	341	2802	20	65	15	**	**	**	**	2	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 7

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Ventosa	18.4	26.21	34.1	30	11.9	5.2	3	5	2.3	30	-183	72	94	43	75	348	2815	8	55	30	916	4	0			
**Vilamor	18.6	22.88	35.7	30	15.1	6.3	3	10	4.6	28	-110	78	89	61	38	177	1768	6	41	11	**	6	0			
**Xabrega	21.9	32.81	37.7	17	13.8	8.0	3	0	0.0	1	-193	67	93	33	65	297	2598	2	32	30	980	0	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Ourense																												
A Mezquita	21.4	28.71	32.5	30	13.8	5.3	3	1	0.6	8	-225	52	79	28	79	363	2892	9	55	21	904	2	0					
**A Portela	24.5	34.67	40.3	30	15.6	8.2	3	54	38.0	8	-162	57	91	26	78	361	2671	5	47	21	**	3	0					
**A Trabe	23.7	31.23	35.4	30	16.2	8.9	3	2	1.4	11	-226	52	76	31	82	377	2916	4	36	11	929	2	0					
Alto do Rodicio	19.2	26.45	31.8	30	12.7	5.8	3	5	3.7	8	-192	71	96	42	82	375	2942	12	58	11	908	3	0					
Amiudal	21.7	30.65	36.2	18	14.2	7.9	3	0	0.0	1	-221	63	92	33	84	386	2951	8	51	14	955	0	0					
As Petarelas	22.9	32.64	37.2	29	14.3	6.8	3	24	20.3	8	**	61	91	30	79	366	2862	**	**	**	**	3	0					
Baltar	20.5	30.04	34.6	29	10.1	2.5	3	0	0.0	1	-214	60	97	26	82	378	2852	8	62	11	927	0	0					
Cabeza de Manzaneda	16.9	20.95	26.4	30	12.6	2.8	2	0	0.3	2	-195	58	82	36	81	374	2810	14	65	12	830	1	0					
**Calvos	19.0	28.8	33.3	29	7.4	0.2	3	0	0.0	1	-197	70	100	37	80	368	2870	6	39	11	**	0	0					
Casaio	20.2	26.28	30.3	29	14.5	5.4	3	2	1.1	12	**	52	76	31	**	**	**	6	58	8	**	3	0					
**Corzos	19.3	27.15	31.8	29	12.0	3.5	3	13	13.2	30	**	61	87	36	**	**	**	7	41	21	**	1	0					
Entrimo	22.8	31.46	35.1	18	14.8	6.8	3	1	0.8	11	**	62	89	35	65	127	2608	**	**	**	**	3	0					
**EVEGA Leiro	24.1	35.79	40.7	18	13.5	6.0	3	0	0.0	1	**	60	93	26	**	**	**	2	27	30	1005	0	0					
Gandarela	21.8	31.65	36.6	18	14.1	7.5	3	3	2.4	21	-203	65	93	34	73	335	2748	5	40	21	946	2	0					
Lardeira	18.2	23.6	28.0	29	13.4	4.3	3	5	2.9	8	-199	56	78	36	83	357	2972	11	88	8	843	5	0					
**Larouco	23.0	32.35	38.7	30	14.7	7.7	3	38	23.6	8	**	56	83	27	**	**	**	4	51	21	957	3	0					
Laza	23.5	33.26	37.9	30	14.2	7.6	3	0	0.4	8	-224	56	92	26	80	367	2794	7	59	21	**	1	0					
Monte Medo	21.5	30.49	35.2	30	13.1	6.4	3	0	0.0	1	**	65	95	34	74	342	2638	**	**	**	**	0	0					
O Invernadeiro	20.6	29.61	33.3	30	11.5	3.0	3	17	16.9	8	-199	59	88	32	81	371	2901	8	55	21	903	2	0					
Ourense	24.5	34.74	40.1	18	16.1	8.8	3	0	0.4	8	**	55	82	26	**	**	**	**	**	**	**	1	0					
Ourense-Estacións	25.0	34.71	40.1	18	17.1	9.6	3	0	0.4	8	-223	55	80	27	78	360	2757	5	33	14	1002	1	0					
**Pazo de Fontefiz	22.1	30.69	36.6	18	15.3	9.8	3	1	1.1	8	-209	63	86	36	79	365	2771	6	35	14	970	1	0					
**Ponte Boga	21.9	31.13	36.1	30	14.5	9.8	3	2	2.0	8	-205	60	82	31	71	327	2698	5	31	22	964	2	0					
**Prado	24.1	34.56	39.2	18	15.0	7.8	3	0	0.3	8	**	61	89	33	**	**	**	2	24	6	1002	1	0					
Remuíño	23.9	35.55	40.8	18	14.6	7.7	3	6	6.4	21	-206	63	93	28	74	340	2667	6	40	15	**	1	0					
**Riós	23.3	31.17	35.4	29	15.6	7.4	3	1	0.7	8	-228	53	79	29	85	389	2933	5	35	8	**	2	0					
San Xoán de Río	19.7	27.26	33.2	30	12.7	5.4	3	5	4.5	8	-196	67	94	40	80	367	2831	12	46	11	903	2	0					
Serra do Eixe	19.6	26.34	32.2	30	13.4	5.0	3	25	20.4	8	-181	66	91	39	81	373	2909	10	69	30	883	2	0					
Verín-Vilamaior	24.2	33.47	37.6	30	15.3	8.4	3	1	1.2	8	-235	54	82	28	85	388	2950	7	55	11	955	1	0					
Verín-Vilela	23.3	34.01	38.1	30	11.8	4.9	3	0	0.0	1	-212	62	97	29	84	383	2829	4	52	21	**	0	0					
Viana do Bolo	21.3	30.72	35.2	30	12.4	5.1	3	2	2.2	8	-202	64	95	34	83	379	2789	5	49	30	922	2	0					
Xares	17.6	21.9	26.4	30	13.0	4.9	2	17	17.6	30	-195	56	78	36	82	377	2913	14	118	12	829	1	0					
Xinzo	21.1	30.73	35.9	18	11.2	4.2	3	0	0.0	1	-195	68	99	34	65	297	2659	8	44	11	946	0	0					
Xurés	21.5	28.14	32.0	18	14.6	5.9	3	2	2.3	11	--	56	85	34	86	393	3004	--	--	--	900	2	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
**A Armenteira	20.5	27.83	35.0	17	14.0	8.9	3	0	0.4	1	-189	71	92	47	76	349	2734	5	37	10	**			1	0		
A Granxa	23.6	32.96	38.4	17	14.4	7.3	3	0	0.0	1	-206	66	96	36	79	364	2786	4	38	25	1012			0	0		
A Lanzada	21.6	28.04	36.4	17	16.4	11.4	3	0	0.0	1	-206	71	88	50	84	385	2753	19	65	10	**			0	0		
**Areas	23.5	30.95	37.4	17	17.1	9.6	3	0	0.0	1	-207	74	94	47	82	375	2855	4	40	11	**			0	0		
**As Eiras	22.7	29.73	37.7	17	16.3	8.6	3	0	0.0	1	-205	68	90	45	79	365	2784	5	38	10	1011			0	0		
Atios	22.9	31.18	37.3	17	14.5	7.6	3	0	0.0	1	-203	72	100	41	83	380	2852	4	34	13	**			0	0		
Baiona	20.5	24.61	30.3	16	16.8	10.8	3	0	0.0	1	-184	80	95	60	84	384	2860	7	40	14	**			0	0		
**Barrantes	21.8	28.71	36.4	17	15.5	7.6	3	0	0.0	1	-188	70	89	48	76	351	2571	6	47	15	**			0	0		
Cabo Udra	20.5	25.8	32.8	16	16.5	13.1	3	0	0.0	1	-189	76	92	56	77	356	2848	13	51	14	**			0	0		
Caldas de Reis	21.3	29.53	36.8	18	15.2	8.9	3	0	0.0	1	-202	68	90	42	73	339	2742	10	54	14	986			0	0		
**Camanzo	21.5	29.56	36.8	18	14.9	6.7	3	0	0.0	1	-195	69	90	44	74	341	2706	5	33	15	994			0	0		
Cangas-Porto	21.4	26.37	33.1	17	17.6	14.2	3	0	0.0	1	**	68	84	50	**	**	**	10	59	14	**			0	0		
Castro Vicaludo	21.2	25.92	32.5	17	16.6	10.1	3	0	0.9	1	-209	67	85	46	81	370	2907	11	54	14	962			1	0		
**Cequelifios	24.1	33.23	38.9	17	16.7	9.3	3	0	0.0	1	-226	59	84	31	79	360	2756	7	37	19	**			0	0		
Corón	20.8	25.78	33.4	17	17.1	12.4	3	0	0.0	1	-206	70	85	51	84	386	2903	25	77	15	1015			0	0		
**Entenza	24.1	32.61	39.5	17	16.6	9.0	3	0	0.0	1	-207	63	88	37	74	342	2774	2	31	9	**			0	0		
Forcarei	19.3	25.73	32.2	18	13.0	6.6	3	2	1.5	8	-186	76	98	47	81	375	2917	12	57	15	**			2	0		
Fornelos de Montes	22.3	27.61	33.5	18	17.2	9.5	3	0	0.4	1	-239	59	79	39	87	399	3026	14	95	15	937			1	0		
Gargamala	23.7	31.93	37.3	18	16.2	9.8	3	0	0.5	1	-218	64	91	36	82	378	2915	5	43	15	**			1	0		
Illas Cíes	20.8	25.64	33.7	16	16.7	13.4	3	0	0.0	1	-185	76	93	57	78	357	2753	11	62	14	**			0	0		
Lalín	20.2	27.82	33.8	17	13.4	6.7	3	0	0.0	1	**	71	97	42	**	**	**	9	46	14	**			0	0		
**Louredo	21.6	29.13	35.4	17	15.5	9.1	3	0	0.0	1	**	76	95	52	**	**	**	2	23	9	988			0	0		
Lourizán	22.2	29.71	36.6	17	16.4	11.2	3	0	0.0	1	-193	70	90	47	75	344	2680	3	34	14	1011			0	0		
**Meder	24.4	34.23	39.7	17	16.3	9.5	3	1	1.2	8	**	59	85	33	**	**	**	2	22	15	999			1	0		
Monte Aloia	22.0	30.31	37.0	18	15.7	9.1	3	1	1.2	1	-182	68	91	43	58	265	2422	7	42	2	962			1	0		
Mouriscade	19.9	28.69	34.8	18	11.0	1.5	3	0	0.0	1	-192	72	98	42	79	366	2817	4	29	14	960			0	0		
O Viso	22.9	32.25	41.0	17	15.4	9.9	3	0	0.0	1	-202	61	86	37	66	301	2545	7	51	15	986			0	0		
Ons	20.9	26.81	35.0	17	16.2	11.9	3	0	0.0	1	-50	77	91	61	83	112	2917	22	67	6	1004			0	0		
**Pé Redondo	22.1	28.9	36.6	17	16.3	10.4	3	0	0.0	1	-142	69	88	46	73	274	2396	4	46	6	**			0	0		
**Ponte Caldelas	22.3	28.71	35.2	17	16.0	9.9	3	0	0.8	1	-215	62	83	43	85	389	2803	7	58	15	976			1	0		
Pontevedra-Campolongo	23.2	30.44	37.6	17	17.4	12.0	3	0	0.0	1	**	64	86	42	**	**	**	5	36	14	**			0	0		
Porto de Vigo	22.0	26.59	33.9	16	18.1	14.5	3	0	0.0	1	-207	71	87	55	85	389	2906	12	55	13	1014			0	0		
Rebordelo	21.5	29.54	36.0	17	13.3	7.7	3	1	1.2	1	**	69	97	40	83	380	2799	**	**	**	976			1	0		
San Nomedio	23.1	29.49	35.3	17	17.6	9.3	3	2	2.0	8	-224	61	82	38	81	370	2855	11	77	14	**			2	0		
Sanxenxo	22.3	28.87	36.2	17	17.0	12.8	3	0	0.0	1	-204	65	84	44	75	346	2774	5	39	9	1013			0	0		
Serra do Faro	19.2	25.4	31.8	30	13.2	6.5	2	0	0.0	1	-202	66	91	41	80	368	2861	16	69	15	907			0	0		
**Simes	22.2	29.57	36.4	17	14.9	11.0	4	0	0.0	1	**	69	92	47	78	357	2667	**	**	**	**			0	0		
**Soutomaior	22.9	30.45	36.4	17	16.4	10.5	3	0	0.0	1	**	60	80	38	**	**	**	3	28	14	996			0	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 7

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
**Torrequintáns	22.5	29.73	37.6	17	16.6	10.2	3	0	0.3	1	-204	71	90	50	76	350	2830	6	37	15	1009	1	0		
**Tremoedo	22.0	28.47	35.9	17	16.2	9.1	3	0	0.0	1	**	65	85	44	**	**	**	5	46	15	1009	0	0		
Vigo	22.6	27.98	34.8	16	17.5	11.4	3	0	0.0	1	**	65	83	47	**	**	**	**	**	**	**	0	0		
Vigo-Campus	21.5	26.2	32.5	17	16.9	10.4	3	0	0.5	1	-212	67	84	48	86	394	2985	6	45	15	965	1	0		
Xesteiras	18.3	23.88	30.4	18	13.0	7.7	3	2	1.2	1	**	75	97	50	**	**	**	30	93	15	**	3	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.